

## **MOCIÓN PARA A MELLORA DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DO CABALO**

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación no Pleno da Corporación **MOCIÓN PARA A MELLORA DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DO CABALO**, baseada na seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A antiga escola unitaria do Cabalo, que forma parte dos bens titularidade do Concello de Bueu, é empregada pola veciñanza para diferentes actividades desde hai varios anos. Con todo, despois de deixar de empregarse como centro de ensino infantil –coa unificación deste no CEIP Montemogos–, desde a administración municipal non se levaron a cabo obras de adaptación e mellora do espazo, a pesar de que se seguiu usando con diferentes fins.

Na actualidade, diferentes Administracións Públicas como a Xunta de Galicia –a través de varias consellerías– e a Deputación de Pontevedra, ofrecen posibilidades de interese para o Concello á hora de obter fondos para a mellora desta infraestrutura, de xeito que se lle poida dar un uso máis adecuado e en mellores condicións, apostando, polo tanto, pola súa empregabilidade por parte da veciñanza e dos colectivos. Dese xeito, faise imprescindible que o goberno local asuma a iniciativa de remodelar este espazo, mediante a redacción dun proxecto e a concurrencia ás liñas de axudas.

Xa que logo, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao pleno da Corporación Municipal do Concello de Bueu a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**ÚNICO.-** Instar o goberno local a redactar un proxecto para a mellora da antiga escola unitaria do Cabalo e a presentar este nalgunha das liñas de financiamento que ofrecen a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra.